

Servizo de edición de material audiovisual para a celebración do aniversario da Unión de Cooperativas EspazoCoop

CONDICIÓN DE CONTRATACIÓN

Segundo o protocolo de transparencia e bo goberno da Unión de Cooperativas EspazoCoop, realizarase un concurso de contratación de servizos ou a adquisición de produtos cando o seu custo supere a cifra de 3.500,00€ de base imponible, a non ser que, a criterio do Consello Reitor e en base ás características do produto ou servizo a contratar, se determine outra cousa.

OBXECTO DO CONTRATO

Convócase un concurso público para a contratación dun **servizo para a edición de material audiovisual** para o 10º aniversario da Unión de Cooperativas EspazoCoop, incorporando unha proposta de valor na elaboración do relato da historia da Unión, e anterior á fusión.

PROCEDEMENTO

Procedemento aberto e simplificado de adxudicación.

CONTRATANTE

A Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop.

CONTIDO DO SERVIZO E PROPOSTA

O servizo ten por obxecto a conceptualización, creación e produción dun relato institucional que recolla a traxectoria e identidade de EspazoCoop e das entidades que a conformaron na fusión de 2016, así como o impacto e visión de futuro, no marco da celebración do seu 10º aniversario, materializado nunha proposta de produto/s audiovisuais de alta calidade, destinados á difusión pública.

O servizo contempla as seguintes prestacións:

- + **Planificación e documentación.** Revisión de arquivo e identificación de fitos, persoas, e impactos significativos
- + **Elaboración de relato institucional.** Definición de estrutura narrativa, e redacción dun relato marco
- + **Guión e deseño do produto audiovisual.** Conceptualización, elaboración de guión e proposta de execución
- + **Gravación e produción**
- + **Edición e posprodución**
- + **Entregables finais**

Esta prestación realizaranse en coordinación con EspazoCoop, a través do grupo de traballo conformado para tal fin, composto por persoas do Consello Reitor e do equipo técnico da entidade. O servizo desenvolverase principalmente en lingua galega.

RECURSOS HUMANOS

O equipo de persoas e materiais necesarios para o funcionamento do servizo serán de contribución da empresa adxudicataria.

A empresa licitadora deberá presentar na súa oferta o equipo de traballo que levará a cabo o servizo se resulta adxudicataria do contrato. Este equipo de traballo estará liderado por unha persoa coordinadora do servizo, que actuará como única interlocutora ante a Unión de Cooperativas EspazoCoop.

A empresa que resulte adxudicataria deberá acreditar, mediante currículo, os perfís profesionais do equipo de traballo que prestará os servizos, e indicará as funcións que desenvolverá cada un dos membros do equipo. Para a realización das prestacións obxecto do servizo, a empresa adxudicataria deberá adscribir ao contrato a persoas con formación e/ou experiencia demostrable de como mínimo 5 anos nas devanditas prestacións, e que deberán acreditar na presentación da proposta.

Valorarase que as persoas formen parte da estrutura estable da entidade. No caso de que se subcontraten entidades, valorarase que sexan empresas da Economía Social.

A Unión de Cooperativas EspazoCoop resérvase o dereito a solicitar o cambio de calquera das persoas compoñentes do equipo de traballo da empresa adxudicataria, no caso de considerar que non se adapta ao perfil ou calquera outro motivo técnico na formación ou calidade dos traballos desenvolvidos.

RECURSOS MATERIAIS

O prezo do contrato incluírá os medios técnicos necesarios para o desenvolvemento do servizo. A entidade adxudicataria porá a disposición do servizo os medios materiais, técnicos, tecnolóxicos e de instalacións necesarios para desenvolver as prestacións obxecto do servizo, garantindo o seu mantemento durante toda a vixencia do contrato, así como os seguros de responsabilidade civil profesional, e demais seguros necesarios para a realización das distintas prestacións do servizo.

DIRECCIÓN E SEGUIMIENTO DOS TRABALLOS

A empresa adxudicataria designará, de entre o seu equipo de traballo, unha persoa do equipo que estará encargada da coordinación do equipo de traballo coa Unión de Cooperativas EspazoCoop. A efectos de estar coordinados, e de trasladar todas as instrucións e pautas de seguimento que a Unión estime oportunas para a correcta execución do traballo, xunto coa responsable de comunicación de EspazoCoop e a dirección.

Unha vez asinado o contrato, a empresa adxudicataria deberá presentar un primeiro borrador do calendario de traballo, no prazo máximo de 7 días dende a sinatura do contrato de servizos. A partir da mesma, elaborárase a planificación do servizo, na que se definirán e calendarizarán cada unha das actividades previstas. O cronograma deberá garantir que o traballo se executa en tempo e forma para contar cos entregables finais, revisados e validados previamente, antes do 10 de novembro de 2026.

A adxudicataria non poderá efectuar ningunha modificación no programa dos traballos ofertados sen a previa autorización da Unión de Cooperativas EspazoCoop.

Durante a execución dos traballos obxecto deste contrato, a empresa adxudicataria comprométese a facilitarlle en todo momento á Unión de Cooperativas EspazoCoop e, se é o caso, ás persoas designadas por esta para tales efectos, a información e documentación que soliciten para dispoñer dun pleno coñecemento e circunstancias nas que se desenvolvan os traballos, así como dos eventuais obstáculos que poidan presentarse, e das tecnoloxías, métodos e ferramentas utilizadas para resolvelos.

A empresa deberá asistir a todas cantas reunións de coordinación e seguimento sexan convocadas pola Unión de Cooperativas EspazoCoop, establecendo un máximo de dúas reunión por mes, preferiblemente telemáticas, agás que haxa circunstancias sobrevidas que requiran puntualmente dunha frecuencia maior.

IMAXE CORPORATIVA

No material e contido realizado en execución deste contrato deberá seguirse o manual de identidade corporativa de EspazoCoop e as indicacións sobre requisitos de publicidade das distintas fontes de financiamento da entidade, segundo as indicacións e manuais de imaxe facilitados pola responsable de comunicación, así como integrar unha identidade gráfica propia, que será facilitada por EspazoCoop.

PRAZO DE EXECUCIÓN

O servizo comezará o día 1 do mes seguinte á comunicación da adxudicación, e estará vixente ata a data fin de contrato, sendo o 15/11/2026.

ORZAMENTO DO SERVIZO A CONTRATAR

Cada licitadora presentará a oferta económica que considere oportuna, atendendo ás características do servizo a contratar e aos criterios habituais fixados pola normativa e prácticas do sector.

No prezo da oferta económica estarán incluídos todos os gastos que supoña a realización do traballo (persoal, impostos, medios técnicos e materiais, desprazamentos e xestións, entres outros).

O prezo do contrato, IVE incluído, será o que resulte da adxudicación. O orzamento deberá indicar o prezo por cada traballo desenvolvido, e o prezo total. En todo caso, indicarse no contrato como partida independente, o importe do IVE. Os ditos honorarios serán definitivos.

PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

CAPACIDADE DE CONTRATAR

Están capacitadas para contratar con EspazoCoop, as persoas físicas ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar e posúan e acrediten a debida solvencia económica, financeira e técnica, achegando:

- Documento de identificación: DNI/NIE/pasaporte para persoas físicas e CIF para persoas xurídicas.
- Certificado do acordo do poder de representación de persoas xurídicas, inscrito no rexistro correspondente.
- Escritura de constitución e modificación de estatutos, inscritos no rexistro correspondente.
- Acreditación da habilitación profesional esixible para a realización da actividade obxecto do contrato.
- Documentación acreditativa do CV (experiencia, formación e méritos alegados) de cada unha das persoas e entidades incluídas na oferta técnica.
- Acreditación de estar ao corrente de pagamento das súas obrigas coa Seguridade Social, Facenda autonómica e Axencia Tributaria (AEAT).

A devandita documentación, xunto a outra que se solicite neste prego, deberán ser enviada pola licitadora durante o período fixado para a presentación da oferta do servizo a contratar, podendo recollerse toda a anterior nunha declaración responsable.

As licitadoras que sexan persoas xurídicas, deberán comprometerse de forma expresa, á adscrición do equipo de traballo proposto para a execución do contrato, que deberán facer parte da estrutura da entidade licitadora, aínda que poderán incorporar a subcontratación para tarefas específicas da prestación do servizo, sempre dentro do prezo definido para o contrato.

MESA DE CONTRATACIÓN E ADXUDICACIÓN

A mesa de contratación estará constituída por tres persoas pertencentes a EspazoCoop, a saber:

Lucía Mendoza Fernández

Nuria González Rodríguez

Ángeles Barreiro Vilas

Celebrarase o 30 de xuño de 2026. Avaliaranse as propostas recibidas de forma obxectiva e segundo os criterios para a adxudicación do contrato, en función exclusivamente da documentación aportada. Proporá a adxudicación a favor da licitadora que maior puntuación obteña polos criterios e melloras incluídas. No caso de empate entre dúas ou máis ofertas, será concedido un novo prazo de tres días hábiles para a presentación de ofertas, mantendo os criterios para a adxudicación.

A adxudicación ou non do contrato notificarase a través de correo electrónico ás licitadoras e publicarse na web de EspazoCoop.

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

CRITERIO / MELLORA	máximo puntos	máximo puntuación bloque	peso criterio/bloque
Ser cooperativa afiliada a EspazoCoop	2	2	8,00%
Ser cooperativa non afiliada a EspazoCoop	0,5		
Ser sociedade laboral, centro especial de emprego ou empresa de inserción	0,5		
Experiencia da empresa e/ou profesional no obxecto do contrato	5	5	20,00%
Calidade da proposta técnica	9	16	64,00%
Melloras sobre a proposta técnica base do prego	7		
Grao intercooperación			
- Proxecto demostrable de Intercooperación con outras socias (0,25)			
- Intercooperación e pertenza a redes: COOP57, REAS, ... (0,25)			
- Participación activa nas actividades da Unión dos últimos dous anos (0,5)	1	1	4,00%
Medidas de Responsabilidade Social Empresarial implantadas:			
- Plans de igualdade			
- Auditoría social			
- Plan RSE	1	1	4,00%
TOTAL PUNTOS		25	

Nota.- a proposta deberá conter a documentación precisa para poder baremar os criterios anteriores. **Toda aquela non contida na proposta enviada non será tida en consideración.**

As melloras a valorar poderán estar artelladas en torno ós seguintes:

- Deseño de accións específicas que complementen as mínimas recollidas na descrición do servizo
- Enfoque narrativo especializado (técnicas de storytelling, enfoques do relato, etc)
- Versións adicionais para outros formatos (prensa, presentacións públicas, etc)
- Melloras creativas e de identidade
- Melloras nos recursos de produción

PROPIEDAD E PROTECCIÓN DOS RESULTADOS DOS TRABALLOS

Todos os materiais, resultados e traballos realizados ao abeiro do contrato pertencerán á Unión de Cooperativas EspazoCoop. Os dereitos de autoría e calquera outro dereito de propiedade sobre os traballos realizados, a excepción daqueles sobre os que exista algún dereito preexistente, pertencerán única e exclusivamente á Unión.

CONFIDENCIALIDADE

A licitadora ou adxudicataria deberá respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle sexan confiados para a formalización da súa oferta ou que sexan elaborados no desenvolvemento do proxecto. Así mesmo, queda expresamente obrigada:

- A utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito da relación contractual e para as finalidades previstas nela.
- A non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei; esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou que con el colabore na execución do contrato.
- A facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigaçión de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial.
- A aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu.

PROTECCIÓN DE DATOS

Dende a UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP, como Responsable de Tratamento, e en cumprimento da Lei Orgánica 3/2018 (LOPD), informámoslle de que os datos recollidos neste pedido, unicamente serán utilizados para o adecuado desenvolvemento dos servizos que lle prestemos, sendo a base xurídica deste tratamento a relación contractual existente. Comunicámoslle que os seus datos nunca serán cedidos a terceiros, e que serán conservados mentres dure a relación contractual ou ata que vostede exerza os dereitos recollidos na LOPD, para o que pode dirixirse por escrito ao enderezo postal Rúa República do Salvador, 3, 2ºD - 15701 Santiago de Compostela ou ao correo electrónico info@espazo.coop

FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS

A proposta técnica e económica a presentar por cada licitadora axustarase aos termos previstos neste prego.

As ofertas presentaranse en formato electrónico na dirección de correo electrónico lucia@espazo.coop co asunto OFERTA ANIVERSARIO, con acuse de recibo, dende a data de publicación deste prego ata o 29 de xuño de 2026 ás 12.00 h (hora peninsular).

CONSULTAS RELACIONADAS CO PREGO TÉCNICO

As licitadoras poderán dirixirse, para as súas consultas, ao teléfono 981 575 578 e ó correo lucia@espazo.coop

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica deste documento.